

► **A DORNA E A EMBARCACION** máis tradicional da comarca do Salnés. Pero os aires de progreso estana convertendo en obxecto de museo. O Clube Mariño Salnés organiza estes días en Cambados un curso para salvala do esquecemento ◀

# A dorna volve bolinar pola ría de Arousa

O Clube Mariño Salnés organiza un curso de navegación a vela

MIGUEL A. OUBIÑA • CAMBADOS

A dorna a vela volve bolinar polas augas da ría de Arousa. Os protagonistas do milagre son os membros do Clube Mariño Salnés; seis dorneiros da Arousa e unha ducia de alumnos que se decidiron a pasar as vacacións aprendendo a navegar na máis tradicional das embarcacións arousanas.


Os do clube puxeron en marcha este curso –que remata o vindeiro día 31– coa intención de recuperar do faiado da memoria unha embarcación na que viviron os seus primeiros mareos miles de mariñeiros arousáns de onte e hoxe.

Os entendidos din que a dorna non hai só que saber levala, senón tamén entendela. Isto significa meterse de cheo nunha cultura que agora case nos parece ancestral, neboenta, pero que non está, en realidade, tan afastada de nós.

Palabras como carro, berga, banda de couso ou relinga poden sonarlle a chinés a máis de un –e mesmo haberá quen as entrecomiñe no xornal, coma se non fosen galegas– pero foron pan de cada día de moitos dos nosos antergos.

A dorna é unha embarcación que naceu ó abrigo da ría e segundo moitos estudiosos é o resultado da evolución e do perfeccionamento das primeiras embarcacións vikingas que arribaron a estas costas.

Os responsables do Clube Mariño aseguran que, de feito, a dorna é a mellor alternativa que teñen aqueles que se queren iniciar na navegación a vela, tanto por ser máis asequible economicamente que un barco de poliéster, como por ser máis versátil e mellor adaptada á ría.



REPRODUCCIÓN: J.L. OUBIÑA

Os alumnos do curso navegan polas cercanías de Cambados.

Esta é a primeira vez que o Clube Mariño Salnés organiza un curso destas características. A actividade é tamén case case pioneira na comarca, se ben este ano tamén o Concello de Cambados organizou unhas clases de iniciación á vela, dirixidas ós nenos.

Os promotores desta iniciativa tamén lles gustaría ver algún

día un museo adicado á dorna. Claro que, como ocorre sempre coas cousas do Patrimonio que vai minando o progreso, unha cousa é expoñer catro madeiras mortas nunha sala con aire acondicionado e outra moi distinta é que o guía turístico lle poida dicir ós visitantes: "Esta dorna que ven aquí aínda hoxe bolina pola ría".